


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA EDUCATIVO “A XESTIÓN DE RESIDUOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: A COMPOSTAXE”.

En Pontevedra a 30 de marzo de 2016


REUNIDOS



D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación da Provincial de Pontevedra.

D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do Centro de Extensión e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.



Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN



Primeiro. As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais, están moi lonxe de poder cumprirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, ó menos, o 25% da fracción orgánica antes do 2020 non se poderá acadar senón se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Neste sentido a Deputación Provincial de Pontevedra ten entre os seus obxectivos estratéxicos potenciar a área de medio ambiente, cunha aposta clara pola colaboración cos concellos na posta en marcha de plantas comarcais de tratamentos biolóxicos e polo impulso da compostaxe comunal.

En relación a este último aspecto a Administración Provincial está traballando para acadar o horizonte de ter instalados nos primeiros meses do ano 2016 unha serie de centros de compostaxe comunais en distintos concellos da provincia, con capacidade unitaria para tratar os residuos orgánicos biodegradables producidos por entre 60 e 300 veciños, tecnicamente denominada fracción orgánica do lixo municipal (FORM), que se mesturará con estruturante para obter como resultado final un compost de tanto mais alta calidade canto mais limpa veña a FORM a tratar.

Sen embargo, para que a implantación destes centros sexa óptima é preciso que a poboación entenda a necesidade de separar correctamente a materia orgánica do lixo para reducir os elevados custes da súa recollida e tratamento, sendo necesario por en marcha unha serie de programas de educación ambiental dirixidos a concienciar á comunidade da problemática dos residuos.

Segundo. Pola súa banda o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) ten a configuración xurídica dun Consorcio do que forman parte a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve, entre outras, as seguintes actividades:

- Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

- Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

- Complementar as actividades desenvoltas por distintas Administracións nas materias sinaladas.

O CEIDA ten entre os seus proxectos o denominado "**A xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra: a compostaxe**", que está dirixido a tódolos nenos e nenas de primaria e secundaria da provincia, preferentemente dos

centros educativos próximos aos centros de compostaxe comunais que a Deputación ten previsto instalar en distintos concellos da provincia de Pontevedra nos primeiros meses do ano 2016, acompañado dunha formación específica tamén para o profesorado.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan suscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS



I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o CEIDA para a posta en marcha do Programa educativo **“A xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra: a compostaxe”**.



Este programa de educación, formación e divulgación vai dirixido a todos os nenos e nenas de primaria e secundaria da provincia, preferentemente dos centros educativos próximos aos centros de compostaxe comunais que a Deputación ten previsto instalar en distintos concellos da provincia de Pontevedra nos primeiros meses do ano 2016, acompañado dunha formación específica tamén para o profesorado.



II.- OBRIGAS DO CEIDA

O CEIDA comprométese, mediante o presente Convenio, a levar a cabo o Programa educativo **“A xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra: a compostaxe”** segundo o seguinte detalle:

- *Obxectivos xenéricos do Programa*
- Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.
- Acadar un cambio de actitudes e de responsabilidade na separación dos residuos orgánicos domésticos.

- Compromiso persoal ante a redución dos mesmos e co uso dos composteiros comunitarios.

- Informar sobre a importancia da compostaxe como alternativa necesaria, ao ser máis económica e ecolóxica que os tratamentos actuais.

o *Obxectivos Específicos do Programa*

- Traballar coa comunidade educativa centrándose nos ciclos de primaria e secundaria dos centros educativos das zonas onde haxa composteiros comunais.

- Coordinar e facer un seguimento individualizado do programa educativo en cada centro, ofertando e adecuando as actuacións do programa ás demandas de cada equipo educativo.

o *Actividades do Programa*

- Coordinación e seguimento do Programa educativo.

- Exposición Itinerante acompañada de tríptico explicativo.

- Formación e asesoramento documental ao profesorado.

- Realización dun Congreso de Educación Ambiental sobre residuos para os Centros de Ensino (Fase I) vinculados aos composteiros comunais.

o *Formación e asesoramento documental para o profesorado*

- Presentación por parte da Deputación de Pontevedra do Programa levado a cabo na xestión de residuos e principalmente da compostaxe.

- Presentación por parte do CEIDA do Programa Educativo dirixido aos centros de ensino de primaria e secundaria e dos materiais elaborados para levar a cabo o Programa:

- Exposición + trípticos
- Asesoramento documental ofertado polo Centro de Documentación Domingo Quiroga.
- Presentación e invitación a participar no I Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino de Pontevedra.

- o *Exposición itinerante sobre compostaxe*

- Deseño de contidos, ilustracións e fotografías dunha exposición didáctica de 8 paneis de fibra de carbono e aluminio con bolsa de transporte, tamén dispoñible en formato dixital.

- Maquetación e impresión dos paneis.

- Deseño e impresión de 8.000 trípticos que acompañen a exposición.

- Divulgación a todos os centros educativos participantes no Programa.

- Xestión de solicitudes, preparación e envío da exposición

- o *I Congreso de educación ambiental para os centros de ensino de Pontevedra (FASE I)*

Dentro das accións a desenvolver no Programa, se encontra a celebración deste Congreso de educación ambiental, para cuxo desenvolvemento CEIDA debe realizar as tarefas que se relacionan a continuación:

- Deseño da imaxe gráfica identitaria para o programa.

- Redacción das bases para a participación no programa e deseño dos mecanismos e prazos de inscrición.

- Creación do blog da campaña.

- Divulgación do I Congreso e da apertura do prazo de inscrición.

- Selección de centros e proxectos participantes.

- Asesoramento ao profesorado e seguimento dos proxectos.

III.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CEIDA

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

- Coordinación e seguimento individualizado do programa educativo: 25.200,00€
- Exposición itinerante sobre compostaxe: 21.800,00 €
- Formación e asesoramento do profesorado: 13.000,00 €
- Fase I Congreso Escolar: 20.000,00 €

Total gastos **80.000,00 €**

IV.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE.

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o Programa educativo “**A xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra: a compostaxe**”, cunha achega máxima de 80.000,00 €, que se afrontarán con cargo á aplicación **16/410.1623.453.90** do vixente orzamento provincial.

2.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

V.- PAGAMENTO DA ACTIVIDADE.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula anterior da seguinte forma e nos seguintes prazos:

1.- O 50% do orzamento, 40.000,00 euros, no prazo de 10 días hábiles desde a sinatura do convenio de colaboración.

2.- O 50% restante, 40.000,00 euros, seralle abonado ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 
- Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A axuda concédese para colaborar na execución das actividades citadas e non se poderá cambiar o seu destino nin a cantidade.
 - Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra.



Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar que non está incurso en causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas ou para contratar mediante declaración responsable asinada polo seu representante e presentar ou

- autorizar á Deputación para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ó corrente nas súas obrigas tributarias.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sétima mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VI.- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN.

O outorgamento dos contratos de servizos, asistenciais ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se retire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

VII.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

VIII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de

2016, como máximo, desenvolvéndose cada unha das actividades previstas nos seguintes prazos:

- Coordinación e seguimento individualizado do programa educativo: desenvolverase ao longo de todo o ano 2016.
- Exposición itinerante sobre compostaxe: ente os meses de abril e agosto de 2016.
- Formación e asesoramento do profesorado: dende o mes de abril ata o 31 de decembro de 2016.
- I Congreso de educación ambiental para os centros de ensino de Pontevedra (FASE I): celebrarase entre os meses de xullo e decembro de 2016.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula quinta antes do 31 de marzo de 2017.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a o CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (13ª a 15ª) das de Execución do Orzamento da Deputación lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1.- O CEIDA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

X- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser requerido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención outorgada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais abrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Base 25ª.14ª das de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web www.depo.es.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- A vixencia do presente convenio establécese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

2.- Previa solicitude do CEIDA, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidenta da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.


3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

XV.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.


O VICEPRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA


César Mosquera Lorenzo

O DIRECTOR XERENTE
DO CEIDA


Carlos Vales Vázquez

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA


Carlos Cuadrado Romay.

